

## Sumario | nº38 – Xuño 2024

**EDIUS** **NOVAS**

Unhas 200 persoas participarán no XI Encontro da Mocidade Investigadora



**EDIUS** **NOVAS**

A profesora Luz Couce recolle en Fonseca o XXIII Premio Nóvoa Santos



**ENTREVISTA**



Rafael Repiso

Experto en bibliometría e indicadores científicos

«No doutoramento é crucial a formación integral do investigador/a. É un período de transformación persoal moi intensa»



**EDIUS** **NOVAS**

A USC adhírese á Rede Española de Universidades Promotoras da Saúde



**EDIUS** **NOVAS**

A USC suma o CRETUS á Rede galega de Centros de Investigación de Excelencia e renova a acreditación dos catro que xa tiña



**3MT®** **NOVAS**

15 vídeos pasan á Gran Final do concurso Teses en Tres Minutos



**OPINIÓN**

A Intelixencia Artificial (IA) e a tese doutoral



**ENTREVISTA**

Miguel Túñez López

Subdirector da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas



«A Escola conseguiu programar un abano de cursos amplo e gratuíto cun catálogo de contidos que responde ás necesidades formuladas polo profesorado e alumnado»



**EDIUS** **NOVAS**

A Cátedra do Camiño estrea a base de datos Rede Xacobeia para facilitar o contacto entre persoas que investigan rutas a Santiago



**EDIUS** **NOVAS**

A matemática Elena Vázquez Abal, Premio de Divulgación Científica 2024 da RAGC




**EDIUS** **NOVAS**

## Unhas 200 persoas participarán no XI Encontro da Mocidade Investigadora

O Encontro da Mocidade Investigadora deste ano contará con máis de 200 persoas: 147 participantes con comunicacións orais ou pósters, 43 oíntes, a presenza dun comité formado por 14 persoas. A maiores, o XI EMI contará coa presenza de distintas persoas que ofrecerán mesas redondas e charlas plenarias. Este evento desenvólvese, dende o ano 2012, co propósito de favorecer as dinámicas de colaboración, debate e difusión do coñecemento xerado entre estudantes de doutoramento das tres universidades galegas. Como xa vén sendo habitual, a porcentaxe de participación de persoal investigador da universidade compostelá supera o 80%.

Coa vontade de ofrecer relatorios de interese, atractivos e de actualidade para o persoal investigador de doutoramento, nesta edición, a organización convidou a participar a dous membros do gabinete de Psicoloxía para falar sobre a importancia da saúde mental na investigación. Tamén falarán representantes da Asemblea de Investigadoras de Compostela e Investigal.

Ademais, a undécima edición do Encontro contará coa presenza de Jesús Benitez Baleato (profesor axudante doutor da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da USC) e de Eva Cabanelas Dopazo, divulgadora científica vencellada á veterinaria. O primeiro foi convidado para falar do impacto das tecnoloxías dixitais na democracia. Eva Cabanelas presentará unha intervención que ofrecerá ao público ferramentas para a divulgación nos eidos da investigación.



**XI ENCONTRO**  
*Mocidade*  
**INVESTIGADORA**

**10-11 XUÑO**

 **Facultade de Psicoloxía**  
Universidade de Santiago de Compostela

**INSCRIPCIÓNS ATA O 10 DE MAIO**

 Toda a [info actualizada](#) en [@XIEMI\\_](#)

**AGARDÁMOSTE!**



 [Ir ao sumario](#)

O XI Encontro da Mocidade Investigadora celebrarase os días 10 e 11 de xuño na Facultade de Psicoloxía da USC. O programa completo estará actualizado [nesta páxina web](#).

Aproveitando a celebración deste encontro, a Universidade vai facer entrega o día 10, en sesión de tarde, do Premio Extraordinario de Doutoramento.

XI EMI	
<b>INSCRICIÓNS</b>	189
<b>Asistentes oíntes</b>	44
♀	29
♂	15
<b>Póster</b>	24
<b>Presentacións orais</b>	122
<b>USC</b>	130
<b>UVigo</b>	8
<b>UDC</b>	8

ÁREAS DAS PERSOAS RESPONSABLES DE PÓSTERS/COMUNICACIÓN ORAIS	
<b>Artes e Humanidades</b>	18
♀	9 (50%)
♂	9 (50%)
<b>Ciencias</b>	24
♀	5 (20,83%)
♂	19 (79,16%)
<b>Enxeñaría e Arquitectura</b>	6
♀	2 (33%)
♂	4 (66%)
<b>Ciencias da saúde</b>	44
♀	31 (70,45%)
♂	13 (29,54%)
<b>Ciencias Sociais e Xurídicas</b>	31
♀	18 (58%)
♂	13 (42%)

[↩ Ir ao sumario](#)

3MT® NOVAS

## 15 vídeos pasan á Gran Final do concurso Teses en Tres Minutos



Trinta e tres persoas presentaron o seu vídeo para participar na terceira edición do concurso Teses en Tres Minutos organizado pola EDIUS.

A organización tivo que realizar un primeiro filtrado para desbotar os vídeos que non cumprían coas características do concurso, xa que só podían aceptarse pezas gravadas en formato horizontal nas que tiña que aparecer o doutorando ou doutoranda sen superar os tres minutos de duración. Despois deste primeiro filtrado, realizouse a selección dos vídeos que pasan á Gran Final, que terá lugar o 6 de xuño na Nave de Vidán de Santiago.

As persoas finalistas farán a presentación da súa investigación en persoa. A exposición, que se fará diante tanto do xurado coma do público, deberá respectar o tempo (3 minutos) e o guión do traballo presentado en formato vídeo.

A EDIUS premiará aos doutorandos e doutorandas gañadores dos Premios de Excelencia de Divulgación Científica cun cheque por valor de 250€. Ademais, os/as doutorandos e doutorandas que participen na final recibirán como recoñecemento un agasallo sorpresa.

[↩ Ir ao sumario](#)

3MT®

NOVAS

## Estes son os finalistas por áreas

Nas ligazóns ao final de cada candidato podes ver o vídeo completo que opta a algún dos premios.

### Artes e humanidades:



#### CARMEN GLORIA CERNADAS LEMA

PD en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura

Título da tese: *Narrating the Unspeakable: The Representation of Traumatic Experience in Roddy Doyle's Psychological Realism*

[VER VÍDEO](#)

### Ciencias e enxeñarías:




#### DANIEL CONDE TORRES

PD en Ciencia de Materiais

Título da tese: *Infección, Cáncer y Envejecimiento: una conexión a través del sistema inmune innato*

[VER VÍDEO](#)



#### OLGA IRENE MOSCA

PD en Biodiversidade e Conservación do Medio Natural

Título da tese: *Bottlenose Dolphin Whistle Communication*

[VER VÍDEO](#)



#### MARIANGEL LUNA VERDUGO

PD en Ciencia de Materiais

Título da tese: *Dispositivos Teragnósticos Basados en Biomateriales Sensibles a Estímulos Físicos Externos*

[VER VÍDEO](#)



#### ANA PAREDES VÁZQUEZ

PD en Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas

Título da tese: *Modelado Matemático de Dinámicas en Comunidades de Microorganismos: Simulación, Optimización e Control*


[VER VÍDEO](#)

[↩ Ir ao sumario](#)

3MT®

NOVAS

Ciencias da saúde:




### ADRIÁN LÓPEZ TEIJEIRO

PD en Medicina Molecular

Título da tese: *Explorando novas aplicacións da tecnoloxía IC-Tagging*

[VER VÍDEO](#)



### CRISTINA DE JESÚS SEN

PD en Medicina Molecular

Título da tese: *Descifrando el papel de las variantes del ADN mitocondrial en la oncogénesis y la eficacia del tratamiento*

[VER VÍDEO](#)



### LUCÍA CASANOVA ADÁN

PD en Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses

Título da tese: *Tecnoloxías de secuenciación de terceira xeración en Xenética Forense*

[VER VÍDEO](#)



### XOCAS VÁZQUEZ ABUÍN

PD en Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos

Título da tese: *Estudo dos efectos sobre a actividade mitocondrial e o metabolismo cardiomiocitario dos novos estimuladores da guanilato ciclase solubel e o fármaco sucubitrilo/valsartán empregados para o tratamento da insuficiencia cardíaca*

[VER VÍDEO](#)



### GUADALUPE GARCÍA

PD en Epidemioloxía e Saúde Pública

Título da tese: *Aproximación epidemiológica al exceso de peso en España: determinantes, prevalencia e impacto en la salud*

[VER VÍDEO](#)

[↩ Ir ao sumario](#)

3MT®

NOVAS

Ciencias da saúde:




**DINA ILENA BORGES BIENES**

PD en Equidad e Innovación  
Educativa

Título da tese: *Prácticas de ocio del estudiantado universitario con discapacidad: desafíos para la inclusión*

[VER VÍDEO](#)



**PATRICIA MAÑA FOSADO**

PD en Economía e Empresa

Título da tese: *A influencia dos parques científicos e tecnolóxicos na supervivencia e innovación das empresas españolas*

[VER VÍDEO](#)

Ciencias sociais e xurídicas:




**JAVIER BOUZAS ARUFE**

PD en Economía e Empresa

Título da tese: *O impacto da crise económica e sanitaria na iniciativa emprendedora galega e o cambio de paradigma no seu proceso de internacionalización*

[VER VÍDEO](#)



**ANDRÉS JOSÉ ROZADOS LORENZO**

PD en Comunicación e Información Contemporánea

Título da tese: *30 anos de curtamente publicitaria en España: desde 1989 ata 2019*

[VER VÍDEO](#)



**HERNÁN FELIPE CORTEZ LÓPEZ**

PD en Dereito

Título da tese: *La protección de intereses ambientales desde el derecho de contratos*

[VER VÍDEO](#)

[↩ Ir ao sumario](#)



**Jesús Pino Mínguez**

Comité de Dirección  
da EDIUS. Sección de  
Ciencias e Enxeñarías

OPINIÓN

## A Intelixencia Artificial (IA) e a tese doutoral

Como docente e director de teses doutorais, estame creando certa inquietude o uso da intelixencia artificial como ferramenta de axuda para a elaboración dun doutoramento.

Ca maior humildade, dado que non son experto nestas tecnoloxías, mais como membro da comisión executiva do EDIUS, sinto sincero desacougo en canto ó uso da intelixencia artificial na elaboración dunha tese.

Por un lado, considero que pode axudar a xerar metodoloxías de investigación para avanzar a maior velocidade na elaboración deste tipo de proxectos. A IA pódenos axudar a analizar grandes volumes de información en moi pouco tempo. Tamén parece evidente que a IA pode mellorar a coherencia e a calidade dos textos académicos.

Pero, por outra banda, será unha ferramenta de axuda ou, ante a falta de control destas tecnoloxías, será a IA a que elabore as teses no lugar do estudante de doutoramento?

Esta tecnoloxía chegará a substituír ós directores/as e titores/as da tese? Perderán as persoas investigadoras as súas habilidades de pensamento crítico e escritura?

Seremos conscientes os directores/as e as institucións académicas de que os modelos de IA poden estar sesgados debido aos datos nos que se basean? Isto pode suxerir problemas éticos e de equidade na produción de coñecemento, así como un tratamento dos datos por parte dos servidores das empresas do que non temos constancia.

Corremos o risco de que estas novas tecnoloxías supriman a creatividade, elemento fundamental en calquera investigación que pretenda ser rigorosa, novidosa e orixinal.

Creo que debemos ser conscientes da inevitabilidade do uso destas ferramentas. Por tanto, considero que se debe fomentar o coñecemento das mesmas no que respecta a como funcionan estes modelos de IA e así poder avaliar a súa validez, confiabilidade e o uso axeitado das mesmas.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## A USC suma o CRETUS á Rede galega de Centros de Investigación de Excelencia e renova a acreditación dos catro que xa tiña



Cinco centros da USC conforman a Rede de Centros de Investigación de Excelencia de Galicia, logo de que o Consello da Xunta acordara a incorporación do **Centro de Investigación Interdisciplinar en Tecnoloxías Ambientais** (CRETUS). Os outros catro que xa integraban esta rede e que veñen de renovar a acreditación son o **Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares** (CiQUS), o **Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas** (CiMUS), o **Centro de Investigación Singular en Tecnoloxías Intelixentes** (CiTIUS) e o **Instituto Galego de Física de Altas Enerxías** (IGFAE). Ademais, a administración autonómica tamén lle outorgou a categoría de centro colaborador ao **Econo-**

**mics and Business Administration for Society** (Ecobas), centro interuniversitario no que tamén participa a USC.

De acordo con estes criterios, e no referido á USC, o financiamento para cada un dos centros é o seguinte: ao Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS) correspóndenlle 3.006.666,67 euros; ao Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE) 2.918.666,67; ao Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS) 2.786.666,67; ao Centro de Investigación Singular en Tecnoloxías Intelixentes (CiTIUS) 2.434.666,67; e, finalmente, ao Centro de Investigación Interdisciplinar en Tecnoloxías Ambientais (CRETUS), 1.598.666,67 euros.

↩ Ir ao sumario

ENTREVISTA



**Rafael Repiso**

Experto en bibliometría e indicadores científicos

## «No doutoramento é crucial a formación integral do investigador/a. É un período de transformación persoal moi intensa»

*O pasado mes de maio, Rafael Repiso estivo en Lugo para impartir un curso para aprender “Como preparar unha carreira académica”. Aproveitamos a súa estada en Galicia para falar dos novos criterios de avaliación e da importancia da etapa investigadora.*

### Os novos criterios de avaliación das persoas investigadoras viraron cara un modelo máis cualitativo. Que beneficios supón este cambio?

Avaliar este modelo resulta complexo. É necesario permitir o seu desenvolvemento e, en función dos seus obxectivos e, sobre todo, dos resultados, poderemos emitir un xuízo máis informado. Sen embargo, é importante sinalar que o principal defecto do sistema radica en intentar implementar un procedemento avaliativo máis complexo sen aumentar significativamente o presuposto. ANECA debería dispoñer de maiores recursos financeiros que lle permitan incorporar avaliadores externos ao sistema español, o que introduciría un maior grao de obxectividade no proceso. Outro aspecto relevante é que, teoricamente, unha avaliación enriquecida con diversas perspectivas é tamén máis completa. Non obstante, os aspectos cualitativos presentan un alto grao de subxectividade. Por iso, até que non dispoñamos dos resultados definitivos, é difícil realizar unha valoración concreta. Actualmente, os resultados observados nos últimos sexenios indican que a maioría dos solicitantes están sendo aprobados, alcanzando un 100% en moitos centros. Esta tendencia merece unha análise detallada para comprender as súas implicacións e determinar a efectividade do novo modelo avaliativo.

### As aportacións que poden ser sometidas a valoración aumentan. Cales son estas aportacións?

ANECA rescatou méritos que se identificaran para o Sexenio de Transferencia. Coa creación deste sexenio e a análise subseguinte da primeira proba piloto reflexionouse sobre a diversidade e riqueza de resultados que produce o traballo do investigador/a e profesional do profesorado. Parece que moitas destas tipoloxías de resultados se integraron nos procesos de acreditación e nos sexenios de investigación, á espera da consolidación desta nova convocatoria.

[↩ Ir ao sumario](#)

### Fáleme dos méritos...

Entre estes méritos inclúense actividades como a sintetización dun instrumento musical, a realización de exposicións en museos e o desenvolvemento de coleccións especializadas. Este enfoque pretende recoñecer e valorar a ampla gama de contribucións que o profesorado pode ofrecer, máis alá das publicacións académicas tradicionais, mostrando así unha visión máis integral e diversa do labor académico e profesional.

### Que outras novidades destacarías?

Considero que un dos cambios máis significativos introducidos por ANECA, que pasou relativamente desapercibido pero que pode transformar radicalmente a forma de traballar e avaliar, é a inclusión da Taxonomía CrediT. Esta innovación xa está sendo implementada polas revistas científicas españolas, aportando maior claridade e ética ás coautorías e á avaliación do autor ou autora a través das súas contribucións.

### Como era o procedemento até agora?

Até agora, os méritos dos investigadores contabilizábanse polo número de traballos, a calidade da publicación e, de maneira vaga, segundo a orde de firma. Coa implementación da Taxonomía CrediT, será posible identificar de maneira precisa a contribución de cada persoa nun artigo e avaliar se esa aportación é realmente relevante e significativa.

### Podería poñer algún exemplo?

Consideremos un investigador con 40 artigos de primeiro nivel cuxa contribución se limitou unicamente á descarga de datos. No ámbito da informática, é común encontrar perfís deste tipo. Anteriormente, alguén con ese perfil podería aspirar a obter unha cátedra. Sen embargo, coa nova metodoloxía, un avaliador poderá discernir que unha persoa que nunca escribiu un artigo completo e que desempeñou un rol meramente técnico non pode acceder á máxima categoría académica, xa que aínda ten moito que demostrar. Este cambio promete mellorar a transparencia e a xustiza na avaliación das contribucións académicas, recoñecendo adecuadamente o traballo e o esforzo individual de cada investigador e investigadora.

### Nas túas formacións falas da importancia da planificación. En primeiro lugar, da tese de doutoramento. Que é o máis importante neste período?

Neste período é crucial a formación integral do investigador/a. Non se trata unicamente de elaborar unha tese, senón de formar un doutor/a; a tese é simplemente unha proba da súa calidade. Polo tanto, este é un período de transformación persoal moi intensa. Considero que o estudante debe "dar o mellor de si", adquirindo coñecementos teóricos, metodo-

lóricos, tecnolóxicos e lingüísticos. É fundamental viaxar, coñecer a outros investigadores/as e obter unha perspectiva ampla tanto da súa área específica como da investigación en xeral.

### Algo máis?

Ademais, é esencial que o doutorando/a participe en todas as actividades que se esperan del ou dela. Isto inclúe escribir artigos, realizar comunicacións en congresos, impartir docencia, desenvolver proxectos, etc. Esta experiencia integral non só enriquece a súa formación, senón que tamén o prepara para as múltiples responsabilidades da carreira académica.

### E na carreira académica. Cales son os principais consellos que transmites ao persoal investigador?

Esta cuestión é complexa e persoal, ademais de estar profundamente influenciada polas circunstancias persoais e familiares. Quizais lles suxeriría que lembren os seus modelos de profesores/as e investigadores/as e busquen emulalos. En España, ANECA establece uns obxectivos que algúns consideramos mínimos, mentres que para outros son determinantes nas súas vidas. A liberdade de cátedra implica non só impartir docencia con autonomía, senón tamén elixir libremente que facer co tempo, que investigar e como facelo. A persoa investigadora debe ser o suficientemente madura para tomar decisións propias, aínda que estas non sempre sexan recoñecidas ou premiadas polas autoridades científicas.

### Que outros recoñecementos debe buscar, logo, o persoal investigador?

Por exemplo, o historiador local a miúdo non recibe o respaldo das institucións para as que traballa. Sen embargo, a academia española

ten unha débeda co territorio. É común que estes perfís non obteñan sexenios, non obstante, teñen outro tipo de recoñecemento: na súa comunidade son amplamente valorados e solicitados para proxectos e políticas locais. Cada esforzo ten a súa recompensa, e é fundamental recoñecer que, aínda que algúns logros non sexan premiados polas institucións científicas, posúen un valor significativo e contribúen de maneira importante ao desenvolvemento e á comprensión da historia e cultura locais. Se Irene Vallejo tivese quedado na universidade, probablemente non tería escrito un ensaio como *El infinito en un junco*. Teríase limitado a artigos menores sobre temáticas cunha maior moda. Ese é o reto de ANECA, fomentar que a investigación española sexa un sistema rico e complexo.

### Defendes a creación dunha marca persoal académica baseada principalmente no traballo. Que significa?

Pois significa que ao profesorado nos valoran polas nosas obras, o noso alumnado, pola calidade da docencia e como o ensinado ao longo das súas vidas lles foi útil. E se ademais o facemos esteticamente ben e entretido, mellor. Pero a estética dura pouco, a ética é a que sobrevive ó paso do tempo. Igualmente, como os nosos traballos de investigación aportan resultados que son útiles, significativos e ademais gardan certo nivel de excelencia. A idea de fondo é asociar os nosos traballos á nosa persoa, aínda que esta sexa tan só unha dimensión do ser. Planificar estas cuestións e incluso repensalas periodicamente.

### Cales son as ameazas para a profesión investigadora?

Hai moitas ameazas: a endogamia, os fraudes científicos... Crería que agora mesmo o maior problema é que hai unha devaluación xeral da ciencia e dos seus méritos. De Asia chegaron unha serie de editoriais que fan malas copias das revistas clásicas aínda que en

apariencia as emulen, no fondo o que atopas é que non posúen sistemas de revisión cribles, senón unha lóxica de avaliadores “impares”. O seu cometido non é publicar ciencia de calidade senón publicar canto máis mellor, porque os seus beneficios regúlanse en torno ao número de traballos. Igualmente, produtos que antes eran exclusivos e elitistas como Web of Science e que pretendían ter a mellor ciencia, agora son tan incluíntes que contan coa mellor ciencia, pero tamén coa peor. Polo tanto, o feito de publicar en revistas indexadas en Web of Science perdeu sentido e significado. Devaluouse.


### **Que é para ti o máis gratificante da carreira investigadora?**

As persoas, sen dúbida algunha. Coñecer a persoas que dedican esforzos a saber e coñecer, nas diferentes fases; as ambicións, creatividade e bos desexos dos que están empezado ou a perspectiva ampla, teórica e histórica, así como o enciclopedismo dos investigadores/as senior. Para min, o máis significativo é que na área da investigación traballas con persoas excepcionais, e que, a pouco que fas amizade con elas, te das conta de que normalmente son excepcionais tamén noutras dimensións das súas vidas.

### **E que cambiarías?**

Identificaría mellor as malas prácticas, os malos investigadores/as. Por desgraza, ao non perseguirse as malas prácticas estas se están incentivando, pois supoñen un camiño fácil para conseguir obxetivos rápido, en moitos casos facendo mal uso de recursos públicos, e xa temos moitos catedráticos con este perfil e incluso algún rector... Necesitamos unha apoptose institucional que cando detecte estas prácticas impida que se reproduzan, aínda que isto signifique sinalar publicamente a institucións, editoriais, revistas e persoas.





# Formación

## Actividades

Xuño 2024

### Introducción á análise da mediación, moderación e mediación moderada coa macro PROCESS para SPSS

4 e 5 de xuño de 2024

Facultade de CC. Económicas e Empresariais, Aula de Informática 3

Matricula: do 16 ao 23 de maio de 2024

Horario: de 9 a 14 horas

### Teambuilding: aprendendo a traballar con xeito en equipo (Santiago)

17 e 19 de xuño de 2024

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matricula: aberta ata o 10 de xuño de 2024

Horario: 17 de xuño, luns, de 10.00 a 20.00 h.; 19 de xuño, mércores, de 9.30 a 14.30 h

ENTREVISTA



Miguel Tüñez López

Subdirector da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas

## «A Escola conseguiu programar un abano de cursos amplo e gratuíto cun catálogo de contidos que responde ás necesidades formuladas polo profesorado e alumnado»

*Miguel Tüñez López é doutor pola Universitat Autònoma de Barcelona coa tese **Incidencia de las rutinas en el área política análisis de la prensa gallega** (1997). Na actualidade é profesor Catedrático da área de Xornalismo na Facultade de Ciencias de Comunicación. Ademais, forma parte do grupo **Novos Medios**, centrado na investigación do impacto e a relación das tecnoloxías cos cambios no ámbito da comunicación e na divulgación do coñecemento. Tüñez tamén dirixe a **Cátedra RTVE-USC** sobre medios de servizo público en Europa.*

### Que lle aporta persoal e profesionalmente formar parte da EDIUS?

Calquera actividade de xestión é unha oportunidade de coñecer mellor o funcionamento da Universidade e, neste caso, de estar ao tanto de todo o que atinxe a uns estudos en proceso de cambio, como é o doutoramento. Sempre entendín a miña vinculación a postos de xestión como períodos de aprendizaxe e a miña forma de querer contribuír a un mellor funcionamento da Universidade.

### En que é modelo e referente esta Escola da USC?

A Escola é unha estrutura relativamente recente na Universidade que pretende programar e proxectar do mellor modo posible a formación do estudantado na etapa de doutoramento. Estamos nun momento de axuste á norma de rango superior e nun momento de actualización de procesos que sempre afrontamos para facelo do modo que resulte o máis doado posible para o estudando e para as persoas que dirixen os proxectos de tese e os programas de doutoramento. É algo que non sempre se consegue porque os cambios, aínda que veñan impostos pola normativa, ás veces xeran reticencias. Traballamos en equipo para facer unha Escola próxima e aberta, preocupada sempre por atopar a solución máis adecuada ás dificultades que se van presentando na etapa da tese.

### Se tivera que concretar?

Persoalmente quedaríame coa oferta formativa da Escola porque se conseguiu programar un abano de cursos moi amplo e gratuíto no que

[↩ Ir ao sumario](#)

hai un catálogo de temáticas con contidos que responden a propostas e necesidades formuladas por todos, profesorado e alumnado, e que están directamente vinculados co desenvolvemento da investigación e outros asuntos de orientación e organización da carreira investigadora ou de coñecemento, uso e optimización de recursos.

### **Cal é para vostede o principal aspecto no que debería mellorar?**

Se tivera que quedarme só con un, eu decantaría por aumentar os recursos dispoñibles para poder aumentar e mellorar as propostas e os servizos que se poden ofertar e, ao mesmo tempo, axilizar os procesos. E externamente no recoñecemento da formación de doutoramento no ámbito laboral, para alén do que ten que ver coa carreira docente e investigadora, que coído é unha tarefa pendente na que deberíamos empurrar todas as persoas.

### **Como foi mudando o doutoramento nos últimos anos?**

Dun modo moi global, mantense a esencia de formar novas e novos investigadores e de contribuir ao avance científico pero mudou a visibilidade de proxección dos resultados das investigacións de doutoramento e os modos de facer a tese, cada vez máis vinculada á aplicación directa da investigación.

### **Que particularidades ten a área de Ciencias Sociais e Xurídicas?**

É un área que na Universidade de Santiago está integrada por 15 programas de doutoramento que responden a campos de coñecemento con intereses e preocupacións moi diferentes, con perfís de público moi diverso e con modos, dinámicas e traxectorias de investigación e de publicación ou difusión de resultados que realmente son moi diferentes.

**«Traballamos en equipo para facer unha Escola próxima e aberta, preocupada sempre por atopar a solución máis adecuada ás dificultades que se van presentando na etapa da tese»**

### **Que razóns hai detrás do aumento no interese polos estudos de doutoramento?**

Supoño que as razóns están vinculadas á inquietude por ampliar a formación máis alá dunha licenciatura ou un mestrado e ao desexo de orientar o futuro das persoas cara unha carreira profesional vinculada á investigación e a docencia. Ten que ver tamén co reforzo da investigación en España -aínda necesitada de máis axuda- e as modalidades de apoio con vinculacións contractuais que aínda que son mellorables tamén contribúen ao desenvolvemento das investigacións de doutoramento e que hai anos non existían.

### **Un consello para as persoas que están agora investigando...**

Non son moi amigo de dar consellos pero diría que constancia na investigación e sistematización de súa actividade. E tamén algo de paciencia porque investigar é un proceso que require de mirada a longo prazo e o doutoramento só é unha etapa iniciática.

### **Outro para o profesorado que dirixe ou titoriza teses...**

Sobre todo empatía, que non esquezamos todo o que sentíamos cando eramos doutorandos, pero que actualicemos a ollada porque todo o que rodea a unha tese de hoxe ten mudado moito, sobre todo en formatos, modalidades e procedementos, da que fixemos moitos de nós.

EDIUS NOVAS

## A Cátedra do Camiño estrea a base de datos Rede Xacobeia para facilitar o contacto entre persoas que investigan rutas a Santiago

A **Cátedra do Camiño e das Peregrinacións** da Universidade de Santiago publica en aberto a base de datos colaborativa **Rede Xacobeia**, resultado dun dos proxectos de investigación que convoca periodicamente e dos que financia o seu desenvolvemento, neste caso concedido á profesora Paula Pita Galán, doutora en Historia da Arte pola USC e, na actualidade, profesora na Universidade de Granada.

Rede Xacobeia consiste nunha base de datos académicos, científicos e didácticos do Camiño de Santiago que xunta a información procedente de catro bases de datos sobre investigadoras e investigadores vivos, institucións, actividades académicas e revistas dedicadas ao estudo do mundo xacobeo e ás peregrinacións a Compostela.

O principal obxectivo do proxecto é fomentar o contacto, o traballo e a adquisición de recursos científicos e didácticos para persoas dedicadas á investigación e divulgación así como para os docentes. Facilitando a comunicación entre axentes que de maneira independente están a desenvolver estudos xacobeos, créase unha rede xacobeia mundial a partir da cal establecer sinerxías e revitalizar os estudos sobre o Camiño de Santiago.

Poderíase así incentivar a organización de actividades académicas, a realización de proxectos de investigación, congresos e encontros internacionais; impulsar publicacións científicas e de divulgación e mellorar a actividade docente. Rede Xacobeia pretende converterse nun referente tanto para persoas investigadoras como para particulares e empresas interesadas no Camiño.

### FORMATO WIKI

O formato wiki da Rede Xacobeia permítelle a calquera persoa interesada engadir información ás bases de datos, creando novas entradas, ou actualizar información preexistente. A veracidade e a pertinencia das novas entradas serán supervisadas pola autora das bases de datos, Paula Pita Galán, e pola Cátedra, garantindo así a calidade dos contidos. No apartado dedicado a persoas investigadoras xa hai arredor de 300 entradas, no de actividades académicas contabilízanse 11 regulares como simposios e congresos, os centros de estudos xacobeos inventariados son 15 e as revistas académicas son en total 57.

 [Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## A matemática Elena Vázquez Abal, Premio de Divulgación Científica 2024 da RAGC



A [Real Academia Galega de Ciencias \(RAGC\)](#) concedeu por unanimidade o Premio RAGC de Divulgación Científica 2024 á catedrática da USC Elena Vázquez Abal, quen recibe este premio como “un recoñecemento ás mulleres divulgadoras e, ademais, á divulgación feita en galego”.

María Elena Vázquez Abal (Pontevedra, 1960) é catedrática da Universidade de Santiago na área de Xeometría e Topoloxía desde 2021. Impartiu clases na Escola de Enxeñaría Industrial de Vigo e, desde 1987, é docente na Facultade de Matemáticas da USC. Foi secretaria do [Instituto de Matemáticas](#) da universidade compostelá e coordinadora do seu programa de doutoramento, ademais de vicedecana da Facultade de Matemáticas. Foi membro e presidenta da Comisión de Mulleres e Matemáticas da [Real](#)

[Sociedade Matemática Española \(RSME\)](#). Desde 2023 preside o Comité de Diversidade da [Unión Matemática Internacional](#).

A súa investigación céntrase na xeometría diferencial. Dirixiu varias teses de doutoramento e ten publicado numerosos artigos de investigación en revistas internacionais como *Mathematical Methods in the Applied Sciences*, *Kodai Mathematical Journal*, *Archiv der Mathematik*, *Journal of Geometry and Physics*, *Annals of Global Analysis and Geometry*, *Pacific Journal of Mathematics* ou *Illinois Journal of Mathematics*.

Desenvolve unha grande actividade divulgadora organizando exposicións, conferencias, obradoiros, concursos fotográficos e audiovisuais, xunto a actividades para alumnado e profesorado de Secundaria. Tamén ten participado e coordinado proxectos de divulgación, varios dos cales tiveron financiamento da [Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología](#).

Abal participou en publicacións de divulgación e obras colectivas como *Escapando de las matemáticas*, *Una nueva forma de vivir las Matemáticas*, *Igualdad de género en el ámbito de las Matemáticas* ou *Situación actual de las mujeres matemáticas españolas en el ámbito de la docencia y la investigación universitaria*, entre outras.

↩ Ir ao sumario

**EDIUS** **NOVAS**

## A profesora Luz Couce recolle en Fonseca o XXIII Premio Nóvoa Santos




A profesora da USC e directora do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS), Luz Couce, recolleu no Colexio de Fonseca o XXIII Premio Nóvoa Santos que concede a Asociación de Médicos Galegos Asomega. A laudatio de Luz Couce correu a cargo do catedrático de Medicina Legal da USC e director da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, Ángel Carracedo, gañador á súa vez do Premio Nóvoa Santos en 2009.

Na súa decisión, o xurado do premio puxo en valor que a profesora do Departamento de Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia e Pediatría da USC "constitúe o máximo expoñente da neonatoloxía galega, cunha gran proxección tanto no eido estatal como internacional".

[↩ Ir ao sumario](#)

## O Centro de Estudos de Seguridade, Premio Iniciativa da Administración do CPEIG polo seu traballo investigador sobre a manipulación informativa

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) concedeu o Premio Iniciativa da Administración da XVI Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia 2024 ao Centro de Estudos de Seguridade (CESEG), un centro mixto de investigación da USC e do Ministerio de Defensa, polo seu traballo investigador sobre a manipulación informativa. O CPEIG resalta a importancia da tecnoloxía como ferramenta clave na loita contra a desinformación, pois as solucións tecnolóxicas permiten detectar patróns de manipulación e filtrar información falsa de maneira máis rápida e efectiva.



Máis información [nesta ligazón](#).

EDIUS NOVAS

## A USC adhírese á Rede Española de Universidades Promotoras da Saúde

A Universidade adhírese á **Rede Española de Universidades Promotoras da Saúde** (REUPS), cun obxectivo compartido como é reforzar o papel das universidades como contornas promotoras da saúde e o benestar tanto do seu estudiantado, como do seu persoal e da sociedade, liderando e apoiando procesos de cambio social.

A USC designou como o seu representante na REUPS a Francisco Caamaño Isorna, catedrático de Medicina Preventiva e Saúde Pública e director da Cátedra de Vida Saudable. A REUPS está composta por 59 universidades, o Ministerio de Sanidade, o Ministerio de Educación e Formación Profesional, a Conferencia de reitores (CRUE) e nove estruturas de saúde pública das comunidades autónomas.

**E LÍGALO, DNDE VAS CON ESA CARA TAN TRISTE?**

**COMER CALQUEIRA COUSA, QUE TEGHO UN EXAME POLA TARDE.**

**ISO NON PODE SER!** A COMIDA É UN FACTOR MÓI IMPORTANTE PARA ACHEGAR UNHA VIDA SAUDABLE, FÍSICA E INTELLECTUALMENTE. UNHA DIETA SAUDABLE VA REDUZIR UNHA MELLOR CALIDADE DE VIDA E NA TOA FELICIDADE!

**ACEITE DE OLIVA** **LEGUMES** **AGUA DE BILLA**

**VERDEURAS E HORTALIZAS** **CEREALIS INTEGRAIS**

**FROITAS** **FROITOS SECOS** **PEIXES E MARIÑOS**

**¡COME SAN!**

**E DÁLLES UNHA PATADA...**

**...AO ALCOHOL** **...AOS ALIMENTOS ULTRAPROCESADOS** **...Á VIDA SEDENTARIA** **...A FUMAR E VAPOREAR** **...AO AZUCRE**

USC CÁTEDRA VIDA SAUDABLE

KUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE SANIDADE

Toda a información e máis máis en: <https://sanidademediaviva.usc.es/gal/>

[↩ Ir ao sumario](#)



# Teses

Maio 2024

*Uso de la biopsia líquida para la selección de tratamientos en oncología*

**ELENA MARÍA BROZOS VÁZQUEZ**

**Director/es:** Rafael López López, Luis Ángel León Mateos

**PD:** Investigación Clínica en Medicina

**Data:** 02/05/2024 - Presencial

**Resumo:**

El objetivo principal de esta tesis es presentar el desarrollo de la biopsia líquida en aquellos tumores en situación de pronóstico ensombrecido como herramienta útil para ofrecer a los pacientes una terapia dirigida de forma personalizada en base a la biología molecular de su tumor. En general, la tesis demuestra el potencial de la biopsia líquida como método inocuo, rápido, dinámico y fiable, para el uso de biomarcadores de utilidad pronóstica y predictiva en situaciones oncológicas de evolución desfavorable y con tumores con capacidad de siembra a sangre, frecuentes en la práctica clínica y de manejo complejo. El uso de este procedimiento ayuda a seleccionar la terapia más adecuada según el momento en el que se encuentren los pacientes y las características clínicas que presenten.

*Il protagonismo femminile nell' "Elegia di Madonna Fiammetta": identificazione e analisi delle fonti dell'opera e delle tradizioni letterarie sulle donne durante il periodo napoletano di Giovanni Boccaccio (1327-1340)*

**MARÍA FRANCESCA LOFFREDO**

**Director/es:** María Esther Corral Díaz

**PD:** Estudos Medievais

**Data:** 03/05/2024 - Presencial

**Resumo:**

A tese de doutoramento céntrase no estudo da Elegia di Madonna Fiammetta, obra escrita por Giovanni Boccaccio entre 1343-1344, da que se examinan as fontes que utiliza o autor e o protagonismo da narradora homónima. Fiammetta é unha nobre napolitana que conta a súa historia en primeira persoa e lamenta a perda de Pánfilo, o seu amante. O relato inscríbese na ficción elexíaca e recolle un gran número de fontes da tradición clásica e da tradición medieval. O escritor de Certaldo coñeceu estes textos durante a súa formación na corte anxevena de Nápoles, durante una dilatada estancia (de 1327 a 1340), onde achegouse aos círculos intelectuais da capital napolitana que influíran no proceso compositivo da Elegia. Para abarcar os obxectivos propostos divídese en seccións: análise do contexto histórico-cultural no que Boccaccio concibiu a súa obra; análise da estrutura e contidos da Elegia di Madonna Fiammetta relacionados co protagonismo feminino do personaxe-narrador de Fiammetta; e un estudo pormenorizado das fontes nas que Boccaccio puido inspirarse para conformar a Elegia.

[↩ Ir ao sumario](#)

## Teses defendidas en maio

*Desarrollo de análogos del ácido litocólico modificados en la cadena lateral y anillo-a como ligandos activos del receptor de la vitamina D*

**GONZALO LASANTA DÍAZ**

**Director/es:** Manuel María Paz Castañal, Antonio Mouriño Mosquera, Miguel Ángel Maestro Saavedra

**PD:** Ciencia e Tecnoloxía Química

**Data:** 03/05/2024 - Presencial

### Resumo:

Se han diseñado por docking y sintetizado los compuestos CAR-R y CAR-S que se comportan como potentes agonistas del ácido litocólico de potencial interés terapéutico para el tratamiento de enfermedades hiperproliferativas. Los análogos CAR-R y CAR-S se sintetizaron en 13 pasos a partir del ácido litocólico y rendimientos globales del 17% y 18%, respectivamente. Posteriormente, se han estudiado tres estrategias de síntesis distintas para acceder a cadenas laterales ciclohexánicas dihidroxiladas de análogos modificados en el anillo A del ácido litocólico. La ruta sintética que se basa en la transposición de diaceno conduce con éxito a las cadenas propuestas. A continuación, se han descrito dos rutas sintéticas del diol 31a, precursor de los análogos GLD y GLS diseñados por docking, a partir del ácido litocólico.

*Susceptibilidad genética a la enfermedad periodontal en personas con Síndrome de Down*

**MARÍA FERNÁNDEZ CASADO**

**Director/es:** María Jesus Jose Mora Bermudez, Jacobo Limeres Posse, Raquel Cruz Guerrero

**PD:** Ciencias Odontológicas

**Data:** 03/05/2024 - Presencial

### Resumo:

El objetivo de la tesis fue detectar variaciones génicas asociadas a la presencia de enfermedad periodontal en personas con SD, para identificar genes de susceptibilidad y biomarcadores que permitan predecir su riesgo de aparición y severidad. Entre los usuarios de los centros de terapia educativa y ocupacional de la Comunidad Autónoma de Galicia (España), a lo largo de los años 2017 y 2018, se recogieron muestras de saliva de 86 pacientes caucásicos con SD. La selección de los participantes se efectuó aplicando los criterios del 2017 World Workshop on the Classification of Periodontal and Peri-Implant Diseases and Conditions. Los resultados sugieren que la patogénesis de la periodontitis en el SD y en la población general comparten rutas metabólicas, como la PI3K-Akt que regula la proliferación celular y tiene un papel primordial en la respuesta inflamatoria del huésped.

 [Ir ao sumario](#)

## Teses defendidas en maio

*Effectiveness, Cognitive Safety and Pharmacoeconomic Analysis of PCSK9 Inhibitors in Clinical Practice*

**JOSÉ SELJAS AMIGO**

**Director/es:** José Ramón Gonzalez Juanatey, Moisés Rodríguez Mañero, Alberto Cordero Fort

**PD:** Investigación Clínica en Medicina

**Data:** 07/05/2024 - Presencial

*Clasificación ecográfica de la tendinopatía calcificada del manguito de los rotadores del hombro (ecoclaf) como guía de actuación terapéutica*

**JACOBO FORMIGO COUCEIRO**

**Director/es:** Juan Antonio Suarez Quintanilla, Francisco Javier Jorge Barreiro, Francisco Javier Juan García

**PD:** Investigación Clínica en Medicina

**Data:** 07/05/2024 - Presencial

### Resumo:

Esta tese aporta resultados pioneiros en contextos reais sobre os efectos dos inhibidores de PCSK9 durante a pandemia de COVID-19, o impacto do dapagliflozina na COVID-19, a seguridade cognitiva dos inhibidores de PCSK9, e a avaliación farmacoeconómica das terapias de redución de lípidos. Os achados inclúen que os inhibidores de PCSK9 mantiveron a súa eficacia e seguridade durante a pandemia, dapagliflozina non aumentou o risco de COVID-19 grave pero si a susceptibilidade á infección, e os inhibidores de PCSK9 non tiveron un impacto significativo nas funcións neurocognitivas tras 24 meses, destacando a súa seguridade. Ademais, discútense a viabilidade económica do ácido bempedoico como parte do tratamento en pacientes de alto risco, concluíndo que a integración de novas terapias debe considerar a eficacia clínica e as consideracións económicas na xestión de pacientes con alto risco cardiovascular.

### Resumo:

